

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E O CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO) PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 30 de xuño de 2021 asinouse o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Mondoñedo (Lugo) para a creación dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico.

Que o instrumento convencional ten por obxecto precisar os obxectivos, o financiamento e o funcionamento do centro Rexurbe de Mondoñedo, así como os mecanismos de actuación conxunta e coordinada para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que o IGVS, de acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo da Xunta de Galicia, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Que, de conformidade co establecido, tanto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Que a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, tal e como se establece na súa exposición de motivos, crea a figura das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (en adiante, Rexurbe), que son aqueles ámbitos especialmente degradados cuxa delimitación coincide, total ou parcialmente, cun conxunto histórico declarado ben de interese cultural (BIC). As citadas áreas serán declaradas polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellaría competente en materia de vivenda e logo dos informes oportunos, de tal xeito que se poidan realizar actuacións de rehabilitación ao mesmo tempo que se articulan medidas sociais, urbanísticas, ambientais e económicas, enmarcadas nunha estratexia administrativa global e unitaria.

Que a Lei 1/2019, do 22 de abril, crea, vinculados ás áreas Rexurbe, os centros de rexeneración urbana de interese autonómico (en adiante, centro Rexurbe). O artigo 70.1 os define como os puntos de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.



Estes centros requiren uns medios materiais e persoais e mais unha solvencia técnica que lles permita asumir competencias da Administración local e autonómica na planificación e na execución das actuacións de rexeneración, tanto desde o punto de vista de vivenda e patrimonio cultural, coma social e económico.

O artigo 72.1 dispón que lle corresponde aos concellos crear os centros Rexurbe, se ben, mediante convenio entre o respectivo concello e o IGVS precisaranse os obxectivos, o financiamento e o funcionamento de cada centro, así como os mecanismos de actuación conxunta e coordinada para facilitar o cumprimento e a execución das diferentes actuacións, dos plans e dos programas en materia de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.

Que por resolución do 17 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral do IGVS, fíxose público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de febreiro de 2020, no que se declarou área Rexurbe o conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua de características similares (rúa Álvaro Cunqueiro e San Roque e parte alta da estrada dos Remedios). O seu plan de dinamización aprobouse polo Consello da Xunta na súa reunión do 25 de febreiro de 2021, mentres que o acordo previsto no artigo 70.2 da Lei 1/2019, do 22 de abril, adoptouse na reunión do Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020.

Por todo o exposto e coa vontade de coordinar as actuacións nos obxectivos previstos para a posta en funcionamento do centro Rexurbe do Concello de Mondoñedo, en cumprimento do disposto nos artigos 70 e seguintes da Lei 1/2019, do 22 de abril, o IGVS e o Concello de Mondoñedo acordan formalizar o convenio de colaboración para a creación dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria.

